

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA TRINTA DE ABRIL DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e dez minutos do día trinta de abril de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.**2.1.- Instancia núm. 201400000000367 de don José Fuentes Zas.**

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para obras de construcción de cerre, de aproximadamente 80 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame (Expediente núm.: 2014/U009/000015), no lugar de Marzán de Abaixo, en solo cualificado como Solo urbanizable non delimitado (SUD-4) e Solo urbano (ordenanza U-1), segundo o vixente PXOM. As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 2563207NH4326S0001US.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Dado que no artigo 21.3 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no solo urbanizable só se permitirán obras de carácter provisional nas condicións establecidas no artigo 102 da Lei e o propietario deberá comprometerse a demolellas sen dereito a indemnización cando se lle requira,

Ademais levaranse a cabo do seguinte xeito:



Garantírase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e un euros con noventa céntimos (#71,90#)

2.2.- Instancia núm. 20140000000390 de don José Antonio Andújar Tato

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de construcción de cerre de parcela, aproximadamente 110 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame (Expediente núm.: 2014/U009/000018), no lugar de Xián, en solo cualificado como Solo rústico de agrícola (R-2) segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixo do vial municipal por ser un vial en solo rústico.

Garantírase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e oito euros con oitenta e sete céntimos (#98,87#)

2.3.- Instancia núm. 20140000000400 de don Gonzalo Sotelo Maestre.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para cambiar o portal de acceso á finca e construír unha rampla no interior da mesma (Expediente núm.: 2014/U009/000019), en Laraño, en solo cualificado como Solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Garantírase o natural discorrer das augas e respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Instancia núm. 201400000000428 de dona Montserrat Bascoy Lamelas.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 42 m² en planta, consistentes en cambiar a uralita e poñer tella, recebar e pintar as catro fachadas, aproximadamente 160 m². (Expediente núm.: 2014/U009/000020), situada en Argunte nº 14, en solo cualificado como Solo de núcleo rural (N-1) segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000202400NH43D0001SD. A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- - Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa e dous euros con corenta e sete céntimos (#192,47#).

2.5.- Instancia núm. 201400000000434 de don Ramón Penas Castro.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para obras de rehabilitación de alboio, de aproximadamente 10 m² en planta, consistente en colocar uralita e tella (Expediente. Núm.: 2014/U009/000021), situado en Cornado nº 9, en solo cualificado como solo de expansión de núcleo rural (N-1) segundo o vixente PXOM. As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000203700NH43G0001PJ.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- - Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.



En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.-Instancia núm. 201400000000171 de Bograo, S.L.

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel Jesús Orosa Canabal, en representación de Bograo, S.L, solicita licenza para a instalación fotovoltaica de autoconsumo na nave sita en A Igrexa - San Cristovo de Merín (Expediente núm.: 2014/U008/000001), en solo cualificado como solo urbanizable non delimitado.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- As obras deberán axustaranse ao proxecto presentado.

2º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de dous mil novecentos sesenta e tres euros con cincuenta e dous céntimos (#2963,52#).

2.7.- Instancia núm. 20140000000410 de dona Concepción Docampo Sanromán.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Os Muíños Nº 5- San Mamede de Ribadulla, expón que a Xunta de Goberno , en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de marzo do ano que andamos, concedeulle licenza para obras de instalación de dous invernadoiros para cultivos hortícolas en ecolóxico (Expediente 2014/U009/000009), en Canicoba -San Mamede de Ribadulla, cunha superficie de 500 m² cada un, e detectado erro nunha partida orzamentaria, posto que na memoria recollía un orzamento de 9.323,54 euros, e o orzamento final de execución das obras ascende a 12.323,54 euros, solicita que se modifique o citado acordo.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de autorización para funcionamiento de furanchos.

3.1.- Instancia número Instancia núm. 201400000000164 de José M^a Barrio Fernández.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por José M^a Barrio Fernández, para por en funcionamento un establecemento dedicado a furancho no lugar de Tomonde, 12 (Santa Cruz de Ribadulla – Vedra).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno toma coñecemento da declaración responsable presentada xunto coa documentación que a acompaña. Así mesmo:

1º.- O período de apertura do furancho será dende o 1 de marzo de 2014 ate o 1 de xuño de 2014.

2º.- As tapas que se sirvan escolleranse das que sinala o ANEXO I do decreto 215/2012, do 31 de outubro.

3º.- Procederase á inscrición do establecemento no rexistro municipal creado a tal fin e darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Deberá comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguintes documentación:

-Renovación do seguro de responsabilidade civil.

-Documentación acreditativa de ter realizado as declaracíons obligatorias do viño e memoria da cantidade de viño da que se dispón para a tempada.

-Análise do viño da nova tempada.

3.2.- Instancia número Instancia núm. 201400000000286 de Manuel Cabaleiro Tosar.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por Manuel Cabaleiro Tosar, para renovar a autorización concedida para por en funcionamento un establecemento dedicado a furancho no lugar de Ximonde, 3 na parroquia de San Miguel de Sarandón.

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial.

O novo período de apertura será do 15 de marzo ao 15 de xuño de 2014.

Deberá achegar a póliza de seguro de responsabilidade civil actualizada en canto expire a actual.

Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Acordo, se procede, sobre expediente de ampliación de industria de produtos destilados en San Pedro de Sarandón.

Dáse conta do expediente promovido por José A. Albela Albela en representación de Augardentes de Galicia, S.A, para ampliación de industria de produtos destilados no lugar de Cubelas da parroquia de San Pedro de Sarandón.

Dáse conta, así mesmo, da exposición ao público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 19 de marzo de 2014, durante o que non se presentaron alegacíons e do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



5º.- Acordo, se procede, sobre transmisión de titularidade de licenza de apertura de establecemento destinado a Motel en Vilanova.

Vista a solicitude presentada por don Elisardo Blanco Gerpe, para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a motel, denominado comercialmente “El Bosque”, sito en A Gaiosa (Vilar - San Pedro de Vilanova).

Considerando, segundo manifesta, que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 11/02/1994.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de douscentos corenta euros con corenta céntimos (#240,40#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitinte e ao adquirinte

6º.- Aprobación, se procede, de certificacións de obras.

6.1.- Certificación núm. 1 da obra de *Acondicionamento de camiños municipais en Texo, A Ferreira e San Miguel de Sarandón.*

Dáse conta da certificación núm. 1 e última da obra de acondicionamento de camiños municipais en Texo, A Ferreira e San Miguel de Sarandón , incluída no Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014 (Feder), e mais da factura núm. 038/14 da empresa adxudicataria da obra Martínez Montes e Hijos, S.L , por importe de sesenta mil trescentos setenta e nove (#60.379,00#) euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e mais a factura correspondente.

7º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acreedor	Descripción
29	31/03/2014	15,17	García García, S.C.	Produtos de limpeza e aseo subministrados para o punto limpo no 1T/2014
30	31/03/2014	62,18	García García, S.C.	Produtos para protección civil e para a brigada verde subministrados no 1T/2014
31	31/03/2014	87,00	García García, S.C.	Produtos para o servizo de axuda no fogar subministrados no 1T/2014
32	31/03/2014	240,15	García García, S.C.	Produtos de limpeza e aseo para o CPI de Vedra subministrados no 1T/2014



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



33	31/03/2014	378,06	García García, S.C.	Materiais e produtos subministrados no 1T/2014 para actividades culturais e deportivas (Entroido, camelia, ruta BTT)
34	31/03/2014	196,85	García García, S.C.	Materiais para as obras do campo de fútbol de Santa Cruz subministrados no 1T/2014
28	31/03/2014	763,00	García García, S.C.	Materiais subministrados 1T/2014 (mantemento/investimento punto limpo, gardería, c. saúde, colexios, nave, marquesiñas)
14010082 65	25/03/2014	223,12	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais do Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón (estación de Santa Cruz) do mes de xaneiro de 2014
14010122 70	25/03/2014	223,12	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais do Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón (estación de Santa Cruz) do mes de febreiro de 2014
92916044	07/04/2014	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de aluguer da fotocopiadora da planta baixa mes abril
34 2679	27/03/2014	884,66	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a casa da 3ª Idade subministrado en marzo
24 937	03/04/2014	1.964,80	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo A para vehículos municipais subministrado na nave de Trobe en abril
34 3063	03/04/2014	760,06	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a gardería municipal subministrado en abril
34 2783	31/03/2014	1.317,60	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en marzo na nave de Trobe
14A00105	31/03/2014	378,00	Sociser Galicia, S.L.	Diferenza entre as horas SAF dependencia mes xullo/2013 facturadas e as realizadas
81974347 1673	07/04/2014	734,38	Axa - Seguros Generales, S.A.	Recibo seguro anual contratado para o vehículo de Protección Civil 3663HNG (05/04/2014 a 05/04/2015)
14000010 8	31/03/2014	80,61	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	Materiais para mantemento do CEIP de Santa Cruz subministrados en marzo
121/14	31/03/2014	214,62	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Materiais para mantemento de tractores e rozadoras da brigada verde subministrados en marzo
14/00223	31/03/2014	577,70	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizos prestados no punto limpo mes marzo
13514	26/03/2014	68,00	Electro Bermúdez- José Bermúdez Reboredo	Trofeos para a proba deportiva Ruta BTT da Camelia 2014
A/9	31/03/2014	285,96	Labralia - Comercial Agricola Vedra S.L.	Materiais e produtos para a Festa da Camelia e o Entroido Municipal 2014 subministrados en febreiro e marzo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



3	31/01/2014	94,38	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos realizados no CPI de Vedra en xaneiro
4	31/01/2014	43,56	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos realizados no centro de saúde en xaneiro
6	28/02/2014	350,90	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos realizados na casa da 3ª Idade, na ludoteca e no CPI de Vedra en febreiro
14	31/03/2014	124,63	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos realizados no CPI de Vedra en marzo
15	31/03/2014	65,34	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos realizados nos locais dos campos da festa de San Miguel e Trobe en marzo
16	31/03/2014	21,78	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos realizados no centro de saúde en marzo
17	31/03/2014	21,78	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos realizados na casa do antigo Xulgado de Vedra en marzo
11	06/04/2014	12,00	Panadería Raviña- Susana Raviña Carbia	Produtos para atencións protocolarias do festival de bandas de música xuvenís 2014
44638	11/04/2014	197,10	Baby Concept, S.L.	Detalles para atencións protocolarias (agasallos para nacementos) subministrados en abril
40012923 19	31/03/2014	560,40	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizo de franqueo pagado mes marzo
1403215	01/04/2014	231,44	Proel Ascensores, S.L.	Servizo conservación e mantemento do elevador do CPI de Vedra período 2T/2014
1402134	03/02/2014	37,51	Proel Ascensores, S.L.	Reparación do ascensor do CPI de Vedra en febreiro (substitución de 2 tubos e 2 cebadores)
13099	09/04/2014	302,50	Ditecor Ingenieria, S.L. NE	Emisión de informe para o expte. de xustificación da obra de aforro enerxético 2013 (Viñogrande e Laraño)
14000010 9	31/03/2014	364,59	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón subministrados en marzo
21	10/04/2014	21,01	Librería Avenida- Rosa Mª Pérez Sande	Material de oficina e didáctico para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón subministrado en abril
12-14	03/04/2014	96,80	Maderas Jesús Aparicio Granja	Materiais para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón subministrados en abril
S2014/00 38	04/04/2014	500,00	Rey Carrascal Servicios de Consultoría Gallega, S.L. (Sercongal)	Impartir acción formativa denominada Sensibilización e Importancia da LOPD os días 21 e 28/03/2014
537	04/04/2014	275,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar para excursión da 3ª Idade a Campo Lameiro e Pontevedra o día 28/03/2014 con



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			acheegas dos participantes
A/344	10/04/2014	804,89 Galiza Verde, S.L.	Servizo de xestión e transporte de residuos selectivos no punto limpo en abril
2014/023	11/04/2014	530,40 Xestedec Comunicación	Impresión do boletín municipal do mes de abril
140046	09/04/2014	957,11 Quatoprint, S.L.	Traballos realizados en marzo para Teatrofilia 2014 (carteis, programas e entradas)
3	01/03/2014	786,50 Bar Timonel - Aboy Torres Marcelino	Servizo de carpas para a actividade Entroido municipal 2014
3-14	31/03/2014	607,08 Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de marzo (sen cans acollidos neste mes)
2014/0662	31/03/2014	10.121,78 Sogama S. A.	Tratamento de residuos mes marzo
04/C13-14	14/04/2014	520,00 Sánchez Lojo Delio	Achega municipal a clases de pintura meses marzo e abril
B/947437	16/04/2014	16,94 Dinahosting, S.L.	Renovación do dominio concellovedra.com por un ano (26/04/2014-26/04/2015)
14227	09/04/2014	71,00 Acredores diversos	Fra. de Traweki por subministro de cintas informáticas para facer copias de seguridade da unidade central
TA4JK00 28687	19/04/2014	21,97 Telefónica de España, SAU-Movistar	Factura de abril polo servizo de fax de Servizos Sociais
FV14/412	15/04/2014	174,52 Ferrva - Herrajes, S.L.	Materiais para a obra do Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón
14000013 4	16/04/2014	238,68 Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón subministrados en abril
32101669	11/04/2014	324,23 Automóviles Louzao, S.A.U.	Revisión do camión de recollida do lixo 9047HPG en abril
404/10	16/04/2014	726,00 Alquimao S.L.	Servizo de 4 unidades de sanitarios para a Festa do Viño 2014
404/11	16/04/2014	263,78 Alquimao S.L.	Servizo de canos de calor para o polideportivo municipal en abril
025/2014	21/04/2014	566,28 Mera Sánchez Delmira - Xardíns O Val de Illobre	Traballos de limpeza da ruta do Río Pereiro
CI071064 7560	15/04/2014	1.346,42 Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía móvil e fixa período 15/03/2014 a 14/04/2014
2014/027	16/04/2014	1.516,09 Xestedec Comunicación	Servizos prestados para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón do 21/10/2013 ao 20/04/2014
50645330	09/04/2014	353,81 Ricoh España, SLU	Cargo mínimo polas máquinas das oficinas xerais mes abril
FP 11405232	15/04/2014	414,18 Paz Dismac, S.L.	Material de oficina subministrado en abril



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2916	23/04/2014	420,00 Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	Gastos comida excursión 3ª Idade a Termas de Outariz o día 23/04/2014 con achegas dos participantes
2014-27	23/04/2014	156,80 Ibernisha, S.L.	Entradas circuíto termal dos participantes en excursión da 3ª Idade ás Termas de Outariz o 23/04/2014 con achegas dos participantes
T 400.064	23/04/2014	242,00 Codigo Television, S.L. (Sociedad Unipersonal)	Publicidade do concello de Vedra na programación da televisión local Correo TV para promoción turística ano 2014 (factura 1ª de 4)
99004242 66521	25/04/2014	100,00 Ministerio Industria, Turismo e Comercio	Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico (uso privativo) ano 2014
S2014/00 52	24/04/2014	1.476,20 Rey Carrascal Servicios de Consultoría Gallega, S.L. (Sercongal)	Servizos de auditoría da LOPD e recollida de información para elaboración dos ficheiros da AEPD
P14/3055	31/03/2014	145,20 La Voz de Galicia, S.A.	Publicación anuncio expte. urbanístico a nome de Aguardientes de Galicia, S.A.
1 20140001 2	29/04/2014	90,75 Gráficas Vedra, S.L.	Cartel anunciador de licenza de obra particular para urbanismo
34 3518	24/04/2014	445,00 Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a casa do Concello subministrado en abril
		30,75 Canedo de la Torre María	Quilometraxe de abril (do 3 ao 25)
		72,00 Sevio Barrio Lucía	Quilometraxe de marzo

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas, coa abstención da Presidencia nas facturas de Drogería -Ferretería El Sol, S.L.

8.- Outros asuntos

8.1.- Solicitudes de axuda para situacíons de emerxencia social.

8.1.1.- Escrito núm. 201400000000448 de dona Lorena Carneiro Nogueiras.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita a concesión dunha axuda para a cobertura de necesidades básicas e pago de alugamento.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social acorda concederlle unha axuda para a cobertura de necesidades básicas (585,76 euros) e pago de alugamento (500,00 euros).

8.1.2.- Escrito núm. 201400000000399 de don Jorge Arnau Torres.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita a concesión dunha axuda para alugamento e gastos de mantemento.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, en función do establecido na ordenanza reguladora das axudas de emergencia social acorda concederlle unha axuda para gastos de alugamento de vivenda (600,00 euros) e gastos de subministro eléctrico (345,35 euros).

8.2.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito presentado por dona María Cores Fuentes, con domicilio en San Andrés de Illobre, no que expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 69% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumplir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

8.3.- Solicitud de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Dáse conta da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de abril de 2014, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (ED115A).

Ao abeiro da mesma a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Solicitar unha subvención para a dinamización lingüística (APP Concello de Vedra).

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada convocatoria.

8.4.- Solicitud de subvención a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Dáse conta da ORDE do 1 de abril de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a execución de infraestruturas de uso público, destinadas aos concellos de Galicia, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 (DOG núm. 65/14, do 3 de abril).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Formalizar a agrupación dos concellos de Boqueixón e Vedra para participar na dita convocatoria.

Segundo.- Solicitar unha subvención para o proxecto de *Creación e mellora de infraestruturas de uso público: dous parques destinados á infancia en San Xián e Vilanova*, segundo a memoria explicativa e cuxo orzamento ascende á cantidade de cincuenta e sete mil catrocentos vinte e nove euros con sesenta e seis céntimos (57.429,66 euros).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Cuarto.- Nomear ao Alcalde do concello de Vedra como persoa representante e interlocutora válido, con poderes suficientes para cumplir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria poidan corresponderlle á agrupación

Quinto.- Comprometerse de xeito solidario á execución das instalacións e á aplicación dos fondos que puidesen percibir aos fins propios da subvención.

Sexto.- Comprometerse a realizar a instalación no caso de obter a axuda, ao mantemento das instalacións e da execución dun plan de dinamización, á utilización da lingua galega e ao cumprimento do VI plan galego de igualdade entre homes e mulleres.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.